

DATA:

30/06/2021

# PLAN DE CONVIVENCIA

IES CHANO PIÑEIRO

FORCAREI

DATA APROBACIÓN POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA: 28/06/2021

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 30/06/2021

## TÁBOA DE CONTIDO

Introdución.....	3
1.Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da situación da convivencia no centro. ....	4
1.1 Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa. ....	5
1.2 Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.....	6
1.3 Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias, do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria así como doutras institucións e entidades do contorno.....	6
1.4 Conflitividade detectada no centro.....	7
1.5 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia .....	8
2.OBXECTIVOS.....	9
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PREVENTIVOS E DE INTERVENCIÓN.....	10
3.1 Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras .....	10
3.2 Actuacións ante posibles situacións de acoso escolar .....	14
3.3 Protocolo de absentismo.....	16
3.4 Normas de convivencia do centro.....	18
3.5 Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento .....	19
3.5.1 Condutas leves contrarias á convivencia.....	19
3.5.2 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia .....	20
3.5.3 Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.....	21
3.5.4 Prescrición das medidas correctoras .....	22
3.5.5 Procedemento corrector .....	23
3.6 Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro .....	25
3.7 Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno .....	27
4. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....	28
4.1 Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	28
4.2 Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora . .....	29

## INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia é o documento no que se articulan as liñas xerais do modelo de convivencia que o Centro quere implantar, os obxectivos específicos que precisamos alcanzar, as normas que nos regulan e as actuacións que se deben realizar para a consecución deses obxectivos. Recóllense nel os fins e principios establecidos na Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas, sobre a base dun diagnóstico previo das necesidades actuais, e debe constituír a guía reguladora de toda a comunidade educativa de cara a potenciar a adquisición das habilidades necesarias para un adecuado clima de convivencia, fomentando a igualdade, o respecto ás diferencias, a resolución dos conflitos de forma pacífica, a mediación, a responsabilidade e a participación crítica e activa no centro e na sociedade.

Os fins e principios informadores das normas sobre convivencia nun centro de ensino veñen sinalados polo **artigo 3 da Lei 4/2011, de 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corraxir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A co-responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Estes principios e obxectivos están desenvolvidos **no artigo 12 do Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve **a lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

### 1.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO QUE CONTEXTUALIZAN A INTERVENCIÓN EDUCATIVA.

O IES Chano Piñeiro é un centro público de Ensino Secundario e Bacharelato situado no Concello de Forcarei. O seu alumnado procede do noso Concello e do concello veciño de Cerdedo-Cotobade. O número de alumnos/as sitúase nos 113 alumn@s e dispón de 26 profesores/as, 1 administrativo, 1 conserxe e dúas limpadoras.

O recinto educativo consta dun edificio principal e a planta superior do Colexio Nosa Señora das Dores, do que está separado por un patio.

O edificio propio do IES consta de baixo e tres plantas.

- **Na planta baixa** sitúanse Secretaría, os despachos do Equipo Directivo, o despacho das titorías, biblioteca, patio cuberto, almacén cociña, almacén biblioteca, sala de caldeiras de calefacción, cadro de mandos de ascensor, servizo alumnos, servizos profesorado e aula de Música.
- **Na primeira planta** atópanse catro aulas, a Biblioteca antiga, o laboratorio de F/Q e unha cociña cun almacén.
- **Na segunda planta** hai cinco aulas, o despacho de Orientación e a sala do Profesorado.
- **Na terceira planta** temos dúas aulas, a aula de Informática, a de Audiovisuais, Fotografía, aula de PT, aula de Plástica e o Taller de Tecnoloxía e una aula de desdobre.

Na última planta do Colexio están situadas as aulas seminario de Inglés, Economía–Matemáticas, Clásicas–L. Galega, Francés, L. Castelán–Filosofía, Laboratorio de Bioloxía e dúas aulas máis nas que xeralmente non se imparte docencia. O IES e o colexio comparten un Comedor, un Salón de actos e un pequeno patio.

Unha das carencias máis significativa é a dun ximnasio. Este centro ten que compartir co colexio de Forcarei o pavillón municipal para as actividades de Educación Física, o que supón que o alumnado e profesorado teñen que saír fóra do centro nas horas de Educación Física, co hándicap das condición meteorolóxicas adversas en boa parte do curso.

O alumnado procede case integramente do rural, de núcleos poboacionais moi reducidos nos que hai moi poucos rapaces. Isto provoca que as relacións familiares, persoais e locais que establecen os nosos alumnos e alumnas son de xeito habitual con xente maior. Realmente o único espazo de convivencia con outros rapaces é o propio instituto.

## **1.2 ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA**

Ademais das horas lectivas de docencia, no horario contémpanse gardas de clase, gardas de recreo e gardas de transporte (tanto de entrada como de saída). Nos recreos, hai dous profesores de garda que contan co reforzo dos membros do equipo directivo para vixiar a planta Baixa (patio interior e corredor), a primeira planta (corredor e comedor), o patio exterior e o salón de actos (unicamente no primeiro recreo). Nas gardas de entrada de transporte o alumnado repártese entre a planta Baixa e a primeira planta sendo dous os profesores de garda. Outro lugar no que é preciso manter a vixianza é nas hora do comedor, servizo do que son usuarios o alumnado da ESO e que conta coa vixianza de tres docentes que, se encargan de custodiar a saída do centro para que o alumnado tome o transporte escolar. Os martes hai un período que abrangue desde as 14:45 e as 15:30 no que o alumnado repártese entre a Biblioteca, o patio exterior e o pavillón; neste período, o profesorado que custodia o comedor é o encargado de manter un bo clima de convivencia entre o alumnado.

## **1.3 ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO POR PARTE DO PROFESORADO, DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS, DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E DE ATENCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA ASÍ COMO DOUTRAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO CONTORNO**

Podemos afirmar que as relacións entre os membros da comunidade escolar son boas e cunha comunicación óptima e fluída que se establece por vías formais como as reunións de Consello Escolar, do claustro de profesores ou das Xunta de Delegados ou por outras máis informais no día a día do centro. Todos os estamentos (profesorado, alumnado, familias...) están representados e son escoitados; ademais, establécense protocolos de comunicación e coordinación con outras institucións do entorno para accións que melloren a convivencia e atendan ás necesidades e diversidade dentro das súas competencias (Concello, ONGs, servizos asistenciais e sociais...).

## 1.4 CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO

Logo dunhas enquisas realizadas nos diferentes sectores da comunidade educativa, a raíz dun curso de resolución de conflitos, podemos afirmar que no noso Instituto non existen graves problemas de convivencia. O clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa (profesores, alumnos e P.A.S.), como entre eles (profesores–alumnos, profesores-P.A.S., P.A.S. –alumnos), é correcto e respectuoso.

O tipo de conduta problemática máis frecuente e que corresponde xeralmente ao alumnado dos tres primeiros cursos da ESO, ten que ver con incumprimentos de deberes de carácter leve. Eses comportamentos corríxense fundamentalmente co diálogo e coa aplicación das correccións que as NOF contemplan para eses casos.

De forma illada aparecen casos de alumnos/as con condutas disruptivas na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade, interrompendo ao/á profesor/a, incluso faltándolle ao respecto. Son alumnos/as, por outra parte, que en xeral non mostran interese algún polas materias impartidas, en moitas ocasións non teñen o material necesario para a clase, repetiron curso algunha vez ao longo da súa escolaridade, presentan trastornos de aprendizaxe e acumulan un significativo retraso escolar. A idade deses alumnos normalmente está comprendida entre os 14 e 16 anos e, polo xeral, esperan acadar a idade que lles permita abandonar a ensinanza obrigatoria. En case todos os casos ese alumnado presenta condutas problemáticas tamén nas súas casas.

Pero maioritariamente, o profesorado manifesta, que o comportamento do noso alumnado é habitualmente, bo e respectuoso. As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos/as que demostran pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención ou que distraen aos compañeiros, interrompendo a marcha normal da clase. Dan unha importancia especial ao comportamento do alumno que supón falta de respecto ao profesor, cando esa se acompaña dun enfrontamento público e poida implicar menoscabo da autoridade do profesor ante o resto dos compañeiros.

Ás familias preocúpalles principalmente as condutas que interfiran no proceso de ensinanza–aprendizaxe dos seus fillos e fillas, que impiden que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e que non poidan aproveitarse debidamente.

O alumnado concede importancia principal a que se respecten as súas pertenzas e a que o comportamento dos/as compañeiros/as non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade.



## 1.5 ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA

- 1.- **Presenza dos profesores e dos membros do equipo directivo nos distintos espazos do Centro** (corredores, patios, reforzo de gardas...).
- 2.- **Recompilar información do alumnado.** Contacto habitual coas familias, cos centros adscritos, cos educadores sociais dos Concellos co fin de ter un mellor coñecemento das características de cada un dos nosos alumnos.
- 3.- **Actividades orientadas á educación en igualdade.** Charlas, obradoiros, actividades de concienciación e sensibilización sobre temáticas variadas (afectividade, igualdade, violencia de xénero, coeducación...).
- 4.- **Actividades diversas que favorecen as relacións e habilidades sociais,** a resolución de conflitos e o respecto das normas: actividades deportivas, xornadas lúdicas de convivencia, saídas didácticas...
- 5.- **Actividades marcadas desde o Plan de Acción Titorial** destinadas ao coñecemento das normas de convivencia, ás relacións interpersoais...

## 2. OBXECTIVOS

1. Desenvolver unha intervención preventiva co fin de acadar un bo clima de Convivencia no Centro.
2. Asumir por parte de todos os membros da comunidade educativa que o fomento da convivencia e dun clima positivo no Centro é responsabilidade e tarefa de todos.
3. Fomentar relacións persoais baseadas no respecto mutuo, na comprensión, na solidariedade e na interiorización das normas de convivencia
4. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima de clase para evitar a conflitividade.
5. Priorizar a resolución dos conflitos de maneira formativa mediante a negociación e o esforzo conxunto entre profesorado e alumnado.
6. Actuar ante os conflitos actuais, sempre que sexa posible, de maneira proactiva, é dicir, como un medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
7. Proceder ante os problemas de conducta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten ao alumnado.

As actitudes que queremos favorecer con este plan gardan relación cos deberes establecidos no Real Decreto 732/95 de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros así como co establecido nas normas de organización e funcionamento do Centro.

### 3. ACTUACIONES, MEDIDAS E PROGRAMAS PREVENTIVOS E DE INTERVENCIÓN

#### 3.1 ACTUACIONES PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS

Entendemos a prevención como a principal recomendación para a mellora da convivencia. Por iso toda a comunidade educativa debe estar implicada e asumir a realización das seguintes actividades:

##### **A) Actividades a nivel xeral do centro.**

a) Coñecemento do Plan por todos os sectores da Comunidade Educativa para a súa aplicación: materiais impresos co máis significativo do plan, instalación do seu contido en ordenadores do centro, información do plan na 1ª reunión cos pais/nais, información do plan ao alumnado a través do profesorado e titores.

b) Debate e revisión do Plan de Convivencia. A Comisión de Convivencia analizará o Plan de Convivencia e presentará unha proposta de modificación aos diferentes sectores da Comunidade Educativa cando crea oportuno, esa proposta levarase ao Consello Escolar para a súa aprobación, se procede.

c) Realizar xornada de acollida dos novos alumnos/as e introducir na carpeta de información as normas de convivencia.

d) Colocación dun buzón a disposición dos alumnos/as e das familias para que fagan suxestións para mellorar a convivencia no centro, comunicar ao centro as presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidación, etc.

e) Incidencia na mellora da vixilancia no recreo e nos cambios de clase. Os profesores de Garda de Recreo repartiranse por distintas zonas. Os profesores de garda acudirán puntualmente á sala de profesores para comprobar se hai profesores ausentes, e, en caso necesario, acudirán rapidamente á aula do grupo que estea sen profesor. Para o bo funcionamento das gardas terase en conta o seguinte:

- O profesor que prevea que vai faltar (visita médica, cursiño,..) avisará a Xefatura de Estudos para que o apunte no libro e, se é o caso, deixará as tarefas que deberán facer os alumnos na súa ausencia.
- As ausencias por enfermidade ou imprevistas deberán comunicarse telefonicamente o antes posible.

f) Realización de campañas de actividades que redunden no coidado, mantemento e promoción dos bens comúns (campañas de limpeza do Centro, das aulas...) e tamén campañas de mellora das interaccións interpersoais.

g) Fomentar a participación en actividades deportivas, que poden ser un bo antídoto contra a violencia. Tamén a organización de Obradoiros de Teatro consegue éxitos educativos sorprendentes.

##### **B) Actividades en Departamentos Didácticos e Comisión de Coordinación Pedagóxica.**

a) Formular propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica para a mellora da convivencia no centro.

b) Incluir nas programacións dos departamentos e programacións didácticas actividades para traballar co alumnado a formación en actitudes, valores e normas. Incluir tamén nas programacións, actividades de recuperación, reforzo e profundización para atender á diversidade e prever o fracaso escolar.

c) Planificar nas programacións didácticas situacións de “aprendizaxe cooperativo”. Esas aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta á diversidade dos alumnos/as.

d) Explicitar nas programacións os contidos e criterios de cualificación co fin de evitar reclamacións innecesarias.

### **C) Actividades de Acción Titorial.**

a) Realizar actividades de integración dos alumnos e cohesión grupal.

b) Dar a coñecer as Normas de Organización e Funcionamento, dereitos e deberes dos alumnos e o plan de convivencia nas horas de tutorías.

c) Partindo da actividade anterior, cada titor elaborará cos seus alumnos as normas de convivencia da súa aula que serán claras e concisas e avaliarase cada trimestre o cumprimento desas normas.

d) Elección de delegado e subdelegado

e) Revisar continuamente as incidencias de convivencia e coordinar o diálogo na clase para resolución dos conflitos.

f) Sesións de avaliación. O titor, antes e despois das avaliacións, comentará cos alumnos as normas de convivencia, problemas de disciplina, etc... e chegará a acordos de mellora co grupo de alumnos. Analizarase en tutoría a marcha da convivencia da clase unha vez ao final de cada trimestre para analízalo posteriormente nas xuntas de avaliación.

g) Programar e levar a cabo nas horas de tutorías técnicas que preveñan os conflitos no Centro. Tratarase na hora de tutoría aspectos que afecten ás boas relacións e á convivencia do grupo. No Plan de acción titorial introducíranse temas sobre habilidades sociais (autoestima, control de impulsividade, superación de medos...)

h) Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc, na etapa da ESO (polo menos dedicárase dúas sesións de tutoría en cada curso da ESO)

i) Comunicar a Xefatura de Estudos, segundo o procedemento establecido neste Plan de Convivencia, os incumprimentos das normas de convivencia.

j) Fomentar a colaboración dos pais/nais co centro para prever e abordar as posibles situacións contrarias ás normas de convivencia, alteracións do comportamento...

En definitiva, os titores e titoras formularán actividades encamiñadas a fomentar a convivencia en xeral, dedicarán as primeiras sesións de tutoría a explicar as normas de convivencia do centro, a elección do delegado, etc. Impulsarán unha dinámica de grupo na que se vexa potenciado o traballo cooperativo, a cohesión do grupo, a tolerancia e o respecto recíproco, a formación en valores persoais e sociais que favorezan a adquisición de hábitos de traballo, relación social e comunicación equilibrados. Os titores son unha peza clave na convivencia e deberán:

- Ser informados das amoestacións e sancións impostas aos seus titorandos.

- Informar á familia (por correo ou telefonicamente) das faltas de asistencia reiteradas dos seus fillos e das faltas cometidas.
- Solicitar á Xefatura de Estudos que convoque unha reunión do equipo docente cando xurdan problemas de carácter colectivo para a adopción de medidas conxuntas de todo o profesorado.

En 1º da ESO farase na primeira semana do curso académico sesión dobre de titoría na aula co fin de que o alumnado poida asimilar con máis tempo a nova información do centro ao que acaban de incorporarse.

#### **D) Actividades de xunta de Profesores e Profesorado en xeral.**

- Os profesores dedicarán as primeiras clases a explicar claramente a todos os alumnos e alumnas as normas de comportamento adecuado na aula non permitindo actitudes como falar en clase, acudir sen material, levantarse sen permiso, comer golosinas, agredir ou marxinar aos compañeiros verbal ou fisicamente (aínda que sexa “xogando”) etc. Neses primeiros días é fundamental sentar as bases da convivencia e o reforzamento da autoridade do profesor (os titores traballarán en titoría o plan de convivencia).
- Nas Sesións de avaliación detectar non só problemas de aprendizaxe senón tamén posibles problemas de integración, adaptación, problemas de conduta, acoso, intimidación para poder abordalos tanto a nivel individual como grupal.
- O profesorado implicarase no desenvolvemento das actuacións e procedementos planificados neste Plan.
- O profesorado comunicará a Xefatura de Estudos e/ou o titor os incumprimentos das normas de convivencia, alteracións do comportamento, acoso e intimidación que observen nos alumnos.

A actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia é fundamental para evitar ambigüidades e contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos segundo o profesor presente.

#### **E) Actividades do Departamento de Orientación.**

- Realizar propostas para a mellora e aplicación do plan.
- Asesorar, no caso de que a problemática requira, nos procedementos de alteracións do comportamento, acoso e intimidación.
- Participar, sempre que sexa posible, nas sesións de avaliación inicial e avaliacións ordinarias.
- Por a disposición dos titores, na medida do posible, materiais, cuestionarios, documentos, bibliografía, etc., para levar a cabo as actividades do Plan.
- Cooperar na relación titores-familia
- Entrevistar aos alumnos que se observe que teñan algún problema que conleve un mal comportamento na clase (falta de atención, actitude pasiva, falta de atención por parte da familia, etc.). En colaboración coa Xefatura de Estudos intentará que eses alumnos reciban un apoio

educativo, cando sexa necesario, co fin de que non abandonen os estudos como consecuencia dos seus diferentes problemas.

#### **F) Actividades da familia.**

- a) Coñecer o Plan a través de: reunións de pais/nais, entrevistas co titor/a, participando no Consello Escolar, etc.
- b) Estar informados da existencia dun buzón de suxestións a disposición do alumnado e familias.
- c) Informar ao titor se os seus fillos sofren algunha alteración do comportamento ou situacións de acoso e intimidación para actuar rapidamente.
- d) Colaborar co centro nas medidas impostas aos seus fillos/as no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación coa finalidade de modificar ditas conductas e favorecer un desenvolvemento positivo da personalidade dos seus fillos/as.
- e) Colaborar co titor do seus fillos e co centro en cantas cuestións se lles soliciten.
- f) Na primeira reunión de pais/nais, tanto o titor como o equipo directivo, transmitirá a idea de que a ensinanza é un proceso compartido xunto cos profesores. Informaráselles de que todos os profesores teñen no seu horario unha hora de atención aos pais/nais.

Para unha boa convivencia pídesse á familia:

- Que valoren, apoien e reforzen o labor do profesor na aula.
- Que fomenten nos seus fillos valores como o respecto, a responsabilidade e a solidariedade.
- Que revisen que os seus fillos teñan o material de clase .
- Que comprobren se os seus fillos dedican na casa o tempo necesario ao estudo.
- Que a relación co centro non sexa soamente de queixa senón tamén de suxestións.
- Compromiso na esixencia de responsabilidades aos seus fillos.

#### **G) Actividades do persoal non docente.**

- a) Informar ao Equipo Directivo de calquera situación que observen de conductas contrarias ás normas de convivencia.

O EQUIPO DIRECTIVO estará permanentemente aberto ás suxestións que formule calquera membro da comunidade educativa no referido a estas actividades e mostrará implicación no desenvolvemento do plan.

## 3.2 ACTUACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIONES DE ACOSO ESCOLAR

Existe ACOSO ESCOLAR, segundo os especialistas, cando un/ha alumno/a se ve exposto/a de forma repetida e deliberada a un maltrato verbal, físico, e/ou psicolóxico por parte dun/ha compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as, coa intención de sometelo/a, asustalo/a e/ou ameazalo/a, atentando contra a súa dignidade e integridade física ou moral.

O acoso entre escolares pódese levar a cabo mediante diferentes condutas:

- Comportamentos de desprezo, difamación e ridiculización.
- Coaccións.
- Agresións físicas e/ou verbais.
- Comportamentos de intimidación e ameaza.
- Comportamentos de exclusión e marxinação social.
- Substracións, extorsións, chantaxes e deterioro de pertenzas.
- Uso de Internet, mensaxería de móbiles, etc., con intención de facer dano a través de diferentes procedementos: envío masivo de correos electrónicos non desexados, difusión de imaxes sen consentimento do interesado, etc.

É necesario distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas entre alumnos que non gardan continuidade no tempo, nin supón inferioridade dun dos participantes no suceso. Entenderase que existe unha situación de acoso entre escolares se se dan simultaneamente as tres circunstancias:

- Intención de facer dano.
- Reiteración de condutas agresivas.
- Desequilibrio de forzas entre acosador ou acosadores e vítima.


Desde o centro seguiremos o **protocolo** publicado pola Consellería “**Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso**” e que se atopa accesible na páxina web **educonvives.gal**. Neste protocolo recóllense os criterios de identificación, os tipos de acoso, as consecuencias do acoso, as fases de actuación que se deben seguir, as estratexias de prevención, algunhas referencias normativas e tamén todos os documentos necesarios para todo o anterior.

No referente a fases recolleamos aquí as actuacións básicas de cada momento (os modelos dos anexos indicados en cada unha das fases están recollidos no protocolo indicado anteriormente)


### Fase 1: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación da situación




## Fase 2: Recollida e rexistro da información



## Fase 3: Análise da información e adopción de medidas



## Fase 4: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas





### 3.3 PROTOCOLO DE ABSENTISMO

Por protocolo de intervención en caso de absentismo, ou protocolo de absentismo, enténdese o instrumento educativo que describe, especifica e contén o conxunto de actuacións coordinadas que se activan cando se produce un caso de absentismo escolar, coa finalidade de garantir a asistencia do alumnado aos centros educativos. Desde o centro seguiremos o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia elaborado pola Consellería e que está disponible na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/11632>

Dito protocolo establece as seguintes fases na prevención e control do absentismo (os modelos dos anexos aparecen na ligazón anteriormente citada):

#### **Fase 1: Control da asistencia a clase e rexistro das ausencias**

O control da asistencia a clase do alumnado deberá realizarse diariamente por parte do profesorado, quen rexistrará as posibles ausencias no XADE. A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais do/a alumno/a, acompañando ao xustificante do centro debidamente cumprimentado a documentación xustificativa correspondente. O profesorado titor rexistrará na aplicación XADE, a xustificación das faltas de asistencia a clase do seu alumnado.

#### **Fase 2: Seguimento das faltas de asistencia a clase do alumnado e a súa comunicación**

O profesorado titor deberá comunicar ás familias todas as faltas de asistencia a clase non xustificadas de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte. Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incrementa de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión (*Anexo I*), coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corrixila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo. A dita reunión poderá asistir a propia alumna ou o propio alumno. O titor/a levantará acta desa reunión. (*Anexo II*).

#### **Fase 3: Expediente de absentismo**

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual (*Anexo III*).

a) Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporará ao rexistro de contactos (*Anexo IV*), indicando: data da intervención, motivo da intervención, forma de contacto, persoa do centro que realizou a intervención e conclusións da intervención ou resposta da familia.

b) Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso (*Anexo V*). Desa reunión levantará acta o profesorado titor (*Anexo VI*).

- c) Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizárase o proceso e arquivárase o expediente.
- d) O profesorado titor informará a xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución (*Anexo VII*), e levantará acta desa reunión (*Anexo VIII*). De reconducirse a situación, paralizárase o proceso e arquivárase o expediente.
- e) A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo (*Anexo IX*), indicando, cando menos:
- A data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.
  - A data de apertura do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior.
  - No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.
- f) De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno (*Anexo X*), xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

### 3.4 NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Concretan os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no D. 8/2015 (art. 19).

Todas estas normas de convivencia do centro están recollidas nun documento aprobado polo Claustro do Profesorado o 17 de marzo de 2021 e polo Consello Escolar o 23 de marzo de 2021.

### 3.5 ESTABLECIMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPLIMENTO

Neste apartado falaremos das condutas contrarias ás normas de convivencia no centro, así como das medidas e dos procedementos correctores.

O establecido neste apartado aparece regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Así mesmo, estas condutas contrarias á convivencia, así como as medidas correctoras serán de aplicación tanto no ensino presencial como no telemático. As condutas contrarias á convivencia son alteracións condutuais que dificultan a convivencia escolar e tipifícanse no **Decreto 8/2015** en condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

#### 3.5.1 Condutas leves contrarias á convivencia

Consideraranse condutas leves contrarias á convivencia as definidas no **artigo 42 do Decreto 8/2015** e outras establecidas a continuación.

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da **Lei 4/2011** que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da **Lei 4/2011**.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade. Este punto tamén será de aplicación durante o ensino telemático.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases. Igualmente, durante o ensino telemático o alumnado deberá contar co material necesario para o desenvolvemento das sesións online.
- e) Actitude pasiva do alumnado, falta de responsabilidade ante o traballo persoal e falta de participación e colaboración nas tarefas escolares, tanto no ensino presencial como no ensino telemático.
- f) O incumprimento por primeira vez dalgún dos deberes establecidos nas leis ou nas normas de organización e funcionamento do centro educativo.
- g) As condutas que poidan impedir ou dificultar aos seus compañeiros e compañeiras o exercicio do dereito ao cumprimento do deber de estudo, tanto no ensino presencial como no ensino telemático.
- h) O mal uso das tecnoloxías durante as sesións online do ensino telemático.
- i) A incitación ou estímulo á comisión dunha falta contraria ás normas xerais e particulares de organización e convivencia definidas neste documento.

### 3.5.2 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Consideraranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia aquelas establecidas con **artigo 38 do Decreto 8/2015**.

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011 na que se especifica que “para efectos desta lei, considérase acosos escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluíndo o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado. “O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares”.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### 3.5.3 Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia

#### Principios xerais e gradación das medidas correctoras

As medidas correctoras aplicaranse tendo en conta as circunstancias atenuantes ou agravantes. Con carácter xeral, rexerá o principio de proporcionalidade establecido no artigo 29 da Lei 40/2015 ao respecto do **principio de proporcionalidade** na potestade sancionadora da administración. Para iso, teremos en conta os **criterios para a gradación das medidas correctoras** establecidos no **artigo 34 do Decreto 8/2015**, tanto para condutas gravemente prexudiciais como para as leves:

- A. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- B. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- C. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- D. A natureza dos prexuízos causados.
- E. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

No artigo 35, asemade, establécese a obrigatoriedade do/a alumno/a infractor/a a **reparar os danos materiais e morais** causados nas instalacións ou materiais do centros ou a outros membros da comunidade educativa.

#### Medidas correctoras das condutas leves

Segundo o establecido no **artigo 43 do Decreto 8/2015**, as medidas correctoras de aplicación son:

- a) *Amoestación privada ou por escrito*. As amoestacións verbais serán na medida do posible privadas. No que se refire á amoestación por escrito (parte de incidencia), será a Xefatura de Estudos quen informará á familia sobre a conducta contraria á convivencia cometida polo/a alumno/a. As amoestacións por escrito serán acumulables e tres serán consideradas conducta gravemente prexudicial polo seu carácter repetitivo.
- b) *Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos*. O alumnado expulsado da clase será acompañado polo Delegado/a e de ser o caso, con tarefas relacionadas coa materia para realizar.
- c) *Realización de traballos específicos en horario lectivo*. Procurarase que os traballos garden relación co tipo de conducta que se desexa corrixir. Como norma xeral, será usada polo profesorado como sanción para o alumnado que cometa unha falta na súa clase e preferiblemente para faltas de tipo académico.
- d) *Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro*. Están referidas a reparar os danos causados nas instalacións, material ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa, así como a labores relacionadas co comedor, coas actividades para a mellora e dinamización da biblioteca, etc.
- e) *Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias* do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) *Cambio de grupo* por un período de ata unha semana.
- g) *Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases* por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos

que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. O alumnado estará custodiado por un membro do equipo directivo, e no seu defecto, por algún profesor/a de garda.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

As medidas correctoras para este tipo de condutas son as que se establecen no **artigo 39 do Decreto 8/2015** e son as seguintes:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. Están referidas a reparar os danos causados nas instalacións, material ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa, así como a labores relacionadas co comedor, coas actividades para a mellora e dinamización da biblioteca, etc.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. O alumnado estará custodiado por un membro do equipo directivo, e no seu defecto, por algún profesor/a de garda.

f) Cambio de centro.

g) Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) anteriores.

#### **3.5.4 Prescrición das medidas correctoras**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes (artigo 56.1 do Decreto 8/2015).

Así mesmo, as medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros educativos prescriben ao ano da forza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao catro meses da súa imposición (artigo 56 do Decreto 8/2015).

### 3.5.5 Procedemento corrector

#### Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves

PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA		
MEDIDAS CORRECTORAS	PERSOAS COMPETENTES	PROCEDEMENTO (FASES)
a) Amoestación privada ou por escrito.	Docente Titor/a Xefe/a de Estudos Director/a	1. Tipificación da conducta contraria á convivencia e gradación da mesma. 2. Proposta dalgunha das medidas correctoras que máis se axuste á conducta leve contraria á convivencia. 3. Execución inmediata da medida. 4. Comunicación ao Titor/a e á Xefatura de Estudos.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.		
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.		
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.	Titor/a Xefe/a de Estudos Director/a	1. Tipificación da conducta contraria á convivencia e gradación da mesma. 2. Comunicación ao Titor/a e á Xefatura de Estudos, de ser o caso. 3. Proposta dalgunha das medidas correctoras que máis se axuste á conducta leve contraria á convivencia. 4. Comunicación á familia da medida correctora. 5. Execución inmediata da medida.
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.	Xefe/a de Estudos Director/a	1. Tipificación da conducta contraria á convivencia e gradación da mesma. 2. Comunicación ao Titor/a e á Xefatura de Estudos, de ser o caso. 3. Proposta dalgunha das medidas correctoras que máis se axuste á conducta leve contraria á convivencia. 4. Resolución por escrito e comunicación á familia da medida correctora. 5. Execución inmediata da medida.
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.		
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.		
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.	Director/a	

As medidas g) e h) requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro. Logo desta notificación o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas. No caso de solicitarse esta revisión, a dirección emitirá unha nova resolución coa maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas.



O resto das medidas non requiren de resolución expresa por escrito. Non obstante, no caso de entender que as condutas leves contrarias á convivencia que sancionan poderán ser tidas en conta para os efectos de determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves, haberá que facelo constar por escrito, nun parte de incidencia, e comunicarllo á persoa afectada ou ás súas persoas responsables, segundo proceda.

#### **Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais.**

Ante unha conducta gravemente prexudicial para a convivencia, será a persoa que detecta a falta a que realice unha amoestación privada, de ser posible, ao/á alumno/a infractor/a, rexistrando a conducta nun parte de incidencia que entregará á Xefatura de Estudos. Inmediatamente enviará ao/á alumno/a á Xefatura de Estudos, na que serán escoitadas ambas partes.

Desde Xefatura de Estudos faranse indagacións, de ser necesario, tipificando a conducta e valorando a gradación dos feitos. Estableceranse medidas correctoras provisionais enmarcadas dentro dos apartados a), b) e d).

Unha vez definidas as medidas correctoras definitivas, será Xefatura de Estudos quen se comunique, vía telefónica, coa familia, informado dos feitos e convocándoos para unha reunión onde se lles indicarán as medidas a aplicar. Nesta reunión poderán estar dous membros do Equipo Directivo ou ben un acompañado do/a Xefe/a do Departamento de Orientación, ben do/a profesor/a Titor/a. Unha vez acordadas ditas medidas, os asistentes asinarán unha acta da reunión onde amosan a súa conformidade coa sanción imposta.

### 3.6 NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A Comisión de Convivencia vela pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro. É un órgano de carácter consultivo, constituído no seo do Consello Escolar, que facilita o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e que son:

- a) Escoller ás persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Exercerá, por delegación do Consello Escolar, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento deste plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Outras funcións que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro ou pola administración competente nesta materia.

Na súa composición busca integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Está presidida polo/a Director/a do Centro que ademais nomeará ao resto dos integrantes por proposta dos colectivos representados, que no caso do IES Chano Piñeiro son:

- a) xefe/a de estudos
- b) un/ha representante do alumnado
- c) dous/dúas representantes do profesorado
- d) un/ha representante das familias
- e) un/ha representante do persoal de administración e servizos

Un dos membros actuará de secretario/a e levantará acta das reunións. Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola presidencia (por iniciativa propia ou a proposta de, ao menos, un terzo dos membros).

### **3.7 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO**

#### **Coordinación e colaboración interna**

O profesorado estará en constante comunicación e plenamente informado a través de órganos colexiados como a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Claustro e/ou o Consello Escolar; a través da web do centro, do taboleiro de anuncios da sala de profesores ou de calquera outro medio que se estime necesario.

#### **Coas familias**

A comunicación coas familias en materia de convivencia escolar farase por distintas vías e empregando as máis axeitadas, sobre todo no caso de que a información ou notificación a transmitir sexa especialmente sensible e/ou relevante: por vía telefónica, por carta certificada con acuse de recibo...

O equipo directivo, titores e o/a xefe/a do departamento de orientación estarán dispoñibles coa flexibilidade suficiente para atender ás familias no centro e en lugares específicos: sala de titorías, despachos de dirección, despacho de orientación... Ademais, os representantes das familias no Consello Escolar poden achegar calquera dúbida, proposta ou inqueda que teñan.

#### **Con noutros centros educativos ou organismos do contorno**

O centro empregará as canles que se precisen (correo ordinario, electrónico, web do centro, comunicación telefónicas...) e os protocolos establecidos para a coordinación con outros organismos do contorno ou outros centros educativos de actividades de titorías, charlas informativas, cursos e obradoiros variados. Para iso, designará a unha persoa do centro como coordinador/responsable das actividades.

## 4. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

### 4.1 ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Os artigos 17 e 18 do Decreto 8/2015 sinala que o equipo directivo levará a cabo as actuacións precisas para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativo e o mesmo ocorre para difundir as normas de convivencia. Entre as actuacións que se levarán a cabo para que tanto as normas de organización e funcionamento do centro coma o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa, está a súa difusión en:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso e na xornada de acollida.
- Reunións da xunta de delegados e nas sesións de titorías co alumnado
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do instituto.

En canto aos medios empregados para levar a cabo esta difusión, citamos:

- Web do centro
- Reunións informativas e comunicacións escritas ás familias (folletos, trípticos...).
- Sesións de traballo nas titorías de cada curso.
- Exposición en paneis informativos.

A difusión farase:

- Ao inicio do curso: informando da concreción anual do plan de convivencia para ese curso académico.
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información....
- Ao final do curso: elaborando un resumo do elaborado, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.

## 4.2 PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Este plan é un documento vivo que precisa de revisións e modificacións anuais, coa finalidade de adaptalo aos novos cambios e circunstancias que atinxan ao clima escolar. Deste xeito, as actividades antes descritas, poden ser melloradas, renovadas, revisadas, modificadas, ampliadas... cada ano para ser máis operativas. Esta revisión procurarase facer nos dous primeiros meses do curso académico, despois da reunión de valoración do resultados obtidos no curso anterior.

Como indica o artigo 16 do Decreto 8/2015 cada centro educativo establece os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do plan de convivencia, contando coa participación de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia do Consello Escolar, realizará o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia, analizando o grado de cumprimento e de eficacia do establecido nel, e recibirá e estudará as suxestións e propostas de modificación, ampliación ou revisión que durante o primeiro trimestre de cada curso académico poderán presentar o Equipo Directivo, o Claustro de Profesores, a Xunta de Delegados e os propios membros da Comisión de Convivencia. Todas as modificacións serán sometidas á consideración do Claustro e aprobadas polo Consello Escolar. O Director del centro fixará un prazo de, ao menos, un mes para o seu estudo por todos os membros da Comunidade Educativa.

No terceiro trimestre, o Consello Escolar aprobará a proposta de modificación que entrará en vigor ao comezo do curso seguinte. Excepcionalmente, por adecuacións á normativa legal, poderase aprobar no primeiro ou segundo trimestre.

A avaliación do plan de Convivencia farase ao final de cada curso académico a través das seguintes canles:

- Opinións da comunidade escolar e suxestións tanto da Xunta de Delegados coma do Claustro e Consello Escolar.
- Valoración do éxito das actividades levadas a cabo (participación, grao de satisfacción dos implicados, propostas de actividades novas ou alternativas ás existentes para mellorar o plan...).
- Xuntanzas dos membros da Comisión de Convivencia.
- Enquisas dirixidas a todos os membros da comunidade educativa.
- Informes de Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a memoria do plan de convivencia do Centro (que se incluírá na memoria anual do centro), de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia.

Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.